



RESOLUCIÓN da Conselleira de Política Social, pola que se establece a continuación da tramitación dos procedementos de concesión de subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil (BS320A) e no programa voluntariado sénior (BS508C); e para entidades de acción voluntaria de carácter privado para o fomento e a realización de actividades de voluntariado (BS508B).

A Orde do 7 de xaneiro de 2020 que regula as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil (código de procedemento BS320A), e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 66, do día 3 de febreiro de 2020.

A Orde do 8 de xaneiro de 2020 que regula as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa voluntariado sénior (código de procedemento BS508C), e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 66, do día 3 de febreiro de 2020.

A Orde do 3 de xaneiro de 2020 que regula as bases que rexerán as subvencións para entidades de acción voluntaria de carácter privado para o fomento e a realización de actividades de voluntariado (código de procedemento BS508B), e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 66, do día 3 de febreiro de 2020.

O prazo de presentación de solicitudes das ditas convocatorias rematou o 3 de marzo de 2020.

A finalidade destas ordes de axudas convocadas pola Consellería de Política Social é a de colaborar coas entidades de acción voluntaria e as entidades locais inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, para complementar as actividades que estas entidades estean a desenvolver, recoñecendo a labor que as persoas voluntarias e as entidades aportan á sociedade, contribuíndo á súa transformación e influíndo no desenvolvemento comunitario.

En virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarase o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.



Na súa disposición adicional terceira establece a suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, deuse publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19. Neste acordo, entre outros extremos e no marco do antedito Real decreto, prevíase a suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público e, así mesmo, que o órgano competente poida acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Posteriormente, tras a modificación do antedito Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, levada a cabo polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, que afecta á dita disposición adicional terceira, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Ao respecto, de conformidade co referido acordo do Cecop, en concreto, sobre o persoal e a posibilidade da continuación dos procedementos de concesión das subvencións convocadas, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 3 de abril de 2020 acordou, entre outros, a continuación dos procedementos de concesión de subvencións respecto dos cales xa se tivesen aprobado e publicado as correspondentes bases reguladoras e a convocatoria pero non se tivese ditado resolución de concesión, deberá someterse a proposta de continuación de tales expedientes a súa valoración co fin de garantir unha coordinación, dentro do sector público autonómico, sobre as actuacións que deben ser aprobadas e deban continuar, por referirse a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma ou por ser indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos,



tendo en conta sempre a evolución da situación de crise sanitaria, os créditos orzamentarios dispoñibles e a atención preferente das necesidades vitais e indispensables derivadas da emerxencia sanitaria.

De xeito específico, a suspensión dos procedementos de concesión das axudas convocadas para o funcionamento das entidades de acción voluntaria está a causar graves prexuízos a estas entidades debido a que afecta á necesaria realización de proxectos vinculados co exercicio da acción voluntaria en diferentes ámbitos sociais directamente relacionados con áreas de atención a maiores, grupos en risco de exclusión social, formación ou sociocomunitarios que teñen un marcado carácter social e humanitario.

Estas entidades están a servir de complemento imprescindible para dar resposta aos grupos sociais que coa crise do Covid-19 quedaron expostos a unha maior vulnerabilidade e necesidade de atención, considerándose polo tanto imprescindible contribuír a mitigar o impacto económico provocado nelas pola crise sanitaria dotándoas da liquidez precisa para que poidan facer fronte aos gastos correntes anuais nos que incorren.

A posibilidade de continuar coa tramitación dos procedementos de concesión das axudas convocadas ven determinada tanto polas medidas preventivas que, no referido acordo do Cecop, foron adoptadas nos lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do COVID-19, as cales posibilitan que todos os empregados públicos cuxas funcións se realicen dentro de edificios ou instalacións administrativas que permitan o seu desenvolvemento a distancia presten o servizo desde o seu domicilio na modalidade de teletraballo; como polo carácter das entidades que poden ser beneficiarias das axudas, obrigadas a relacionarse a través de medios telemáticos coas Administracións Públicas, tal e como se establece na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nas anteditas ordes de convocatoria.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo e os Acordos do Cecop e do Consello da Xunta do 3 de abril de 2020 indicados, e logo da valoración positiva do Consello da Xunta,





RESOLVO:

Declarar a continuación da tramitación administrativa dos procedementos de concesión de subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil (código de procedemento BS320A) e no programa voluntariado sénior (código de procedemento BS508C); e para entidades de acción voluntaria de carácter privado para o fomento e a realización de actividades de voluntariado (código de procedemento BS508B), aos efectos de garantir o funcionamento dos servizos básicos afectados.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A conselleira de Política Social

Fabiola García Martínez

